



Dentro do proxecto de arte pública “*A Cidade interpretada*” a artista Carme Nogueira propón unha intervención ao redor das prazas do barrio de San Pedro: a da Trisca e a do Cruceiro. Esta intervención realizarase no mes de Setembro, e quere ser debatida cos veciños interesados en participar nun obradoiro impartido pola artista.

As tarefas previstas a realizar polos asistentes a este obradoiro consistirán en debates, decisión e colocación das pezas, así como no visionado do documental “*The social life of small urban places*” de William H White, todo elo no marco físico das prazas da Trisca e de San Pedro. O resultado do traballo en grupo decidirá o aspecto final da intervención.

* Pídese xente que coñeza o barrio, que estea implicada dalgún xeito nas dinámicas do mesmo ou teña interés en cuestións artísticas.

* Darase preferencia á formación dun grupo de diferentes ámbitos profesionais e idades.

* Por razóns prácticas limitarase a un máximo de dez persoas, elexidas por orde de inscrición e observando os requisitos exixidos.

* Os participantes poderán ser fotografados e grabados en vídeo.

.Programa de traballo

Actuación previa:

Mércores 13 de Setembro. Instalación da obra específica creada na praza de San Pedro para que conviva co vecindario.

Venres 22 de Setembro. Reunión cos participantes na praza de San Pedro, usando como material de traballo a obra específica creada para ese contexto.

Visita ‘guiada’ ás distintas prazas de Santiago, seguindo os camiños trazados dende o barrio.

Sábado 23 de Setembro. Reunión na praza da Trisca.

Traballo cos participantes sobre a colocación da instalación específica (gradas). Para chegar a unha conclusión se replantearán os usos da praza:

Uso do campo deportivo: as gradas como asentos para o público.

Uso como lugar de xogo: as gradas como asentos para as nais.

A praza como lugar de traballo: as gradas van ser usadas como superficie de proxección dun documental en dvd sobre o espacio público.

